

## **REGULAMENTO PARA O PLENARIO DE EN MAREA 13/XULLO/2019**

### **ARTIGO 0. REFLEXIÓN E DEBATE COOPERATIVO. A FORZA DAS PERSOAS.**

A redacción das teses “Apuntes para o futuro político dende a marea” e o “Documento organizativo” parten das reflexións aportadas polas inscritas nas diferentes asembleas comarcais que tiveron lugar ao longo do mes de xuño por todo o país.

A tese “Apuntes para o futuro político dende a marea”, o “Documento organizativo” e o “Regulamento para a elección do Consello das Mareas” serán debatidas no Plenario e incluídas as emendas aceptadas, transaccionadas e aprobadas polo mesmo.

### **ARTIGO 1. OBXECTO.**

O presente Regulamento ten por obxecto regulamentar o desenvolvemento do Plenario de En Marea que se celebrará en Santiago de Compostela o día 13 de xullo de 2019.

O presente Regulamento foi elaborado pola Comisión do Plenario de En Marea formada por membros do Consello e aprobado polo Consello das Mareas o 29 de xuño de 2019.

A orde do día foi aprobada polo Consello das Mareas o 29 de xuño de 2019.

### **ARTIGO 2. CALENDARIO.**

O calendario do Plenario das Mareas será o seguinte:

- 29 de xuño: Aprobación polo Consello das Mareas dos textos definitivos.
- 1 de xullo: Envío dos textos ás inscritas. Apertura do prazo de recepción de emendas.
- 5 de xullo: Ata as 23:59 horas, recepción de emendas. Peche do censo.
- 6 de xullo: Cualificación das emendas pola Comisión do Plenario e avaliación polo Consello das Mareas. Nesa sesión quedará establecida a orde do día do Plenario.
- 8 de xullo: Envío das emendas cualificadas ás inscritas. Envío da folla de inscrición.
- 13 de xullo: Plenario.

### **ARTIGO 3. DEREITO A PARTICIPAR NO PLENARIO.**

Terá dereito a participar no Plenario toda persoa que formalice a súa inscrición no

censo antes das 23:59 horas do día 5 de xullo de 2019.

Para a participación, no momento da recollida de credencial, aboarase unha cota de 5€ voluntaria, para sufragar os gastos do Plenario.

#### **ARTIGO 4. SERVIZO DE ORGANIZACIÓN.**

Existirá un servizo de organización, composto por persoas inscritas, que atenderá os aspectos técnicos e organizativos necesarios (reconto votos a man alzada, recepción de inscritas, etc). Contarase ademais cun servizo externo para a atención de menores co mesmo horario da sesión do Plenario.

#### **ARTIGO 5. MESA DO PLENARIO.**

O Plenario estará presidido por unha Mesa integrada por un total de 15 persoas inscritas. A Mesa será elixida pola maioría das persoas presentes, a proposta do Consello das Mareas.

Son funcións da Mesa:

- Coordinación do Servizo de Organización.
- Levantar acta da sesión do Plenario.
- Resolver as cuestións de orde.
- Tomar nota das palabras pedidas e conceder as mesmas.
- Establecer o tempo das intervencións.

#### **ARTIGO 6. MESA DE RELATORAS.**

As teses que se presentan a debate serán defendidas polas persoas redactoras.

#### **ARTIGO 7. VOTACIÓN.**

As votacións no Plenario realizaranse a man alzada, levantando as tarxetas de identificación. Para poder votar e contar en orde, as persoas que voten teñen que permanecer sentadas nos seus asentos, agás as que recontan os votos.

#### **ARTIGO 8. EMENDAS.**

As emendas presentadas en prazo que non foran aceptadas ou transaccionadas serán defendidas no Plenario polas persoas autoras das mesmas. Non se admitirán emendas in voce.

As persoas membros da Mesa do Plenario que teñan emendas, para intervir na súa defensa deben abandonala.

As cuestións de orde non poderán motivar intervencións orais, senón que a persoa interesada na mesma deberá pasarlle por escrito á Mesa, que resolverá por maioría.

#### **ARTIGO 9. MECÁNICA DO DEBATE.**

A Mesa do Plenario establecerá o tempo máximo para a intervención das portavoces dos relatorios e emendantes, segundo os horarios prefixados para cada punto da orde do día.

O Regulamento será sometido a debate polo Plenario, distribuíndo a Mesa do Plenario o tempo de intervención entre as inscritas que desexen intervir en función do número destas e atendendo ao cumprimento do horario. A modificación do Regulamento da Sesión do Plenario deberá contar para a súa aprobación con 2/3 dos votos presentes favorables.

As teses a debate serán expostas polas persoas relatoras das mesmas coa limitación de tempo que a Mesa estableza. Rematada a exposición, debaterase apartado por apartado, indicando as relatoras as emendas admitidas, as propostas de transacción e as emendas rexeitadas.

As emendas aceptadas polas relatoras entenderanse como aprobadas polo Plenario, a non ser que calquera persoa inscrita queira manter o texto orixinal, neste caso someteranse á votación do Plenario tanto a emenda aceptada como o texto orixinal, quedando aprobada a que obteña máis votos.

As transaccións que fosen aceptadas pola persoa emendante, daranse por aprobadas. As transaccións non aceptadas pola persoa emendante ou se alguén quere manter o texto orixinal, deberán ser sometidas a votación tanto a emenda como o texto transaccionado.

As emendas rexeitadas serán defendidas polas persoas emendantes e despois serán contestadas polas relatoras. Tras o debate procederase á votación das emendas e do texto orixinal, quedando aprobado o que obteña maioría simple de votos.

#### **ARTIGO 10. RESOLUCIÓNES ESPECIAIS.**

Deberanse presentar por escrito ante a Mesa do Plenario, podendo facelo calquera inscrita que conte cun aval de 30 inscritas presentes. O prazo de presentación rematará ás 16:00 horas do día de celebración do Plenario. A Mesa dará lectura da Resolución Especial e someterana á votación polo Plenario, tendo que ser aprobada pola maioría simple das persoas inscritas presentes.